

Informe sobre ocupación máxima permitida para a instalación dunha planta de biogás en solo rústico e réxime de distancias ás vivendas e núcleos de poboación (Concello de Guitiriz - Expediente XCP-25/031)

ANTECEDENTES

I.- O 28.05.2025 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2025/1508957) oficio da alcaldesa do Concello de Guitiriz no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre cuestións relativas á instalación dunha planta de biogás en solo rústico:

"[...] 2. *Condicións de implantación e parámetros de edificación*

A este respecto, enténdese que as condicións xerais de edificación, posición e implantación, serán as establecidas nos artigos 59 a 61 do RLSG, mais a empresa interesada plantexa a seguinte cuestión de interpretación respecto da ocupación das instalacións:

"Queremos resaltar que revisando dicho Artículo N° 39 de la LSG punto 3.ª) La superficie máxima ocupada por la edificación en planta no excederá del 20 % de la superficie de la finca. En el caso de invernaderos con destino exclusivo al uso agrario que se instalen con materiales ligeros y fácilmente desmontables, de explotaciones ganaderas, de establecimientos de acuicultura, de construcciones e instalaciones destinadas a la gestión, explotación y defensa forestal y de infraestructuras de tratamiento o depuración de aguas podrán ocupar hasta el 60 % de la superficie de la parcela, y la ampliación de los cementerios, la totalidad de la misma". "Excepcionalmente, los instrumentos establecidos por la legislación de ordenación del territorio podrán permitir una ocupación superior para estas actividades, siempre que se mantenga el estado natural, al menos, en un tercio de la superficie de la parcela". Como es conocido el purín de vaca a tratar en dicha instalación está compuesto principalmente por agua (en un 90%), agua que deberá ser tratada al final del proceso.

En base a esta última consideración, agradeceríamos a esos Servicios Técnicos, evaluar si es posible el otorgamiento de un porcentaje mayor del 20% de ocupación para ambas parcelas, lo cual facilitará con mayor holgura la dotación y distribución de los elementos que componen una planta para producción de biogás/biometano."

Polo tanto a cuestión versa en determinar se a efectos de ocupación máxima permitida para esta instalación pode asimilarse a unha infraestrutura de depuración de auga, cando menos parcialmente naquelas construcións que dentro da actividade sexan realmente destinadas á depuración das augas, podendo chegar ate o 60% da parcela.

Por outra banda, xurde tamén a dúbida das distancias mínimas que deberían cumprir este tipo de actividades a vivendas e núcleos de poboación, dado que no artigo 39.g da LSG se

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



determina unha distancia mínima de 500 m. a núcleos rurais ou urbanos e de 100 ás vivendas para as novas explotacións sen base territorial, e aínda que non se especifica para outro tipo de actividades, ¿debería entenderse que unha actividade que xestiona gran cantidade de residuos das explotacións agrícolas e gandeiras deberían, cando menos, cumprir estas distancias salvo norma sectorial que especifique outras maiores?

Neste senso, cabe sinalar o disposto na directiva da unión europea relativa as distancias que deben cumprir as plantas de biometano ás áreas residenciais (1,5 km.) mais se descoñece se esta normativa esta actualmente traspuesta á lexislación estatal ou autonómica vixente. ¿Habería que aplicar esta distancia? ¿É, en todo caso, unha cuestión do ámbito sectorial medioambiental?

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Guitiriz conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente o 01.07.2020 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 122, do 22.06.2020 e no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* núm. 237, do 16.10.2020.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte no seu apartado 1:

"1.- O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

[...] d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico."

Polo tanto, ao solo rústico do Concello de Guitiriz aplicarase o réxime xurídico establecido na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo *Decreto 143/2016, do 22 de setembro* (RLSG).

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



TERCEIRA.- A consulta municipal, en primeiro termo, refírese á viabilidade de asimilar unha planta de biogás a unha infraestrutura de depuración de augas, aos efectos do cumprimento do parámetro de superficie máxima a ocupar, de modo tal que a mesma poda chegar a ocupar a porcentaxe do 60% da superficie da parcela, en vez de o 20% permitido con carácter xeral en solo rústico.

Con carácter previo á análise de dita cuestión, cómpre mencionar que a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo tivo ocasión de pronunciarse respecto da implantación de plantas de biogás en solo rústico no seu informe XCP-23/019, a cal está dispoñible na seguinte ligazón:

<https://territorioeurbanismo.xunta.gal/es/xunta-consultiva/informes-instruccions-estudos/relacion-informes-publicados>

Tal como se expuxo no referido informe, a planta de biogás, entendida como unha instalación ou infraestrutura de produción de enerxía na que, así mesmo, se leva a cabo un proceso de xestión e tratamento de residuos, constitúe un uso admisible en solo rústico encadrable no artigo 35.1.m) da LSG.

A implantación da planta de biogás, como todos os usos e actividades enumerados taxativamente no artigo 35.1 da LSG, esixirá o cumprimento das condicións xerais de edificación previstas no artigo 39 da LSG e concordantes do regulamento que a desenvolve.

Polo que aquí interesa, o artigo 39 da LSG regula as condicións de posición e implantación na letra d), establecendo no seu apartado 3º o seguinte:

“3ª) A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, de explotacións gandeiras, de establecementos de acuicultura, de construcións e instalacións destinadas á xestión, explotación e defensa forestal e de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.”

A consulta municipal plantexa a posibilidade de que, á vista de que na instalación á finalización do proceso tense que levar a cabo un proceso de depuración de auga, por canto o xurro da vaca está composto nun 90% de auga, poda asimilarse a planta de biogás a unha infraestrutura para tratamento e depuración de augas, aos efectos de poder ocupar o 60% da superficie da parcela.

Pois ben, como xa se sinalou ao analizar o encaixe da planta de biogás no solo rústico, o obxecto da citada instalación é a produción de enerxía, ao tempo que se leva a cabo un proceso de tratamento e xestión de residuos, tal como refrenda a memoria de actividade que se xunta coa solicitude de informe.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



A actividade de depuración das augas procedentes do xurro que se leva a cabo na citada instalación ten un carácter secundario ou accesorio respecto da actividade principal, que é a de produción de enerxía. Así, na memoria achegada descríbense as instalacións da planta de biogás, que ocupará unha superficie en planta de 30.000m² composta de numerosas instalacións, e na que literalmente se indica: *"Si fuese necesario, la planta se puede dotar de una estación depuradora."*

En atención ao exposto, a posibilidade de ocupación do 60% da superficie do predio prevista no artigo 39.d. 3º da LSG configúrase como unha excepción á regra xeral, e polo tanto, atendendo ás regras xerais da interpretación xurídica, a mesma debe ser obxecto en todo caso dunha interpretación restritiva, polo que non procede a súa aplicación para a implantación dunha planta de biogás, debendo respectar a ocupación máxima establecida do 20% da parcela.

CUARTA.- En segundo lugar, o concello consulta se a planta de biogás debe respectar as distancias aos núcleos de poboación e vivendas previstas para as novas explotacións gandeiras previstas no artigo 39. g) da LSG.

A este respecto, cómpre sinalar que o artigo 39, que regula as condicións de edificacións en solo rústico, dispón no seu apartado g) :

"g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios."

Á vista do exposto, os requisitos previstos no artigo 39.g) da LSG resultan esixibles unicamente para as novas explotacións gandeiras, polo que non procede a súa exixencia en supostos distintos aos taxados pola normativa urbanística vixente, como no caso obxecto da consulta, para a implantación dunha planta de biogás.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



A LSG non regula as distancias que deben gardar este tipo de instalacións respecto dos núcleos de poboación e/ou as vivendas; polo tanto, deberá terse en conta a regulación que no seu caso estableza a normativa sectorial sobre tal cuestión.

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ten entre as súas funcións emitir informes relativos á interpretación vixente en materia de urbanismo e de ordenación do territorio, de conformidade co previsto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que non pode pronunciarse respecto da interpretación ou aplicación doutra normativa sectorial, como pode ser en materia medioambiental, por exceder do ámbito das súas funcións.

Sen prexuízo do anterior, cómpre lembrar a regulación da prelación de licenzas e outros títulos administrativos prevista no artigo 144 da LSG:

"[...] 3. No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

4. Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei."

QUINTA.- En todo caso, a actuación pretendida, dacordo co establecido na LSG deberá ser obxecto de título habilitante municipal de natureza urbanística, correspondendo ao concello, no ámbito das súas respectivas competencias, valorar se a actuación prevista ten encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente, á vista do concreto expediente administrativo.

CONCLUSIÓN

1. A planta de biogás constitúe un uso admisible en solo rústico encadrable no artigo 35.1.m) da LSG e a súa implantación require o cumprimento das condicións xerais de edificación previstas no artigo 39 da LSG e concordantes do regulamento que a desenvolve.

A superficie máxima de ocupación da edificación en planta non poderá exceder do 20% da superficie da parcela.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



2. A normativa urbanística non regula a distancia que debe gardarse entre as plantas de biogás e os núcleos de poboación e/ou vivendas, non resultando de aplicación o réxime de distancias previsto no artigo 39.g) da LSG para as novas explotacións gandeiras.

En todo caso, haberá que estar ao que tal efecto estableza a normativa sectorial que puidese resultar de aplicación, nomeadamente, a lexislación en materia medioambiental.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

